



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



gàlicia



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 316/16 16 de decembro de 2016

MESMOS PREZOS DOS SEGUROS DAS PROBAS PARA A TEMPADA 2017

Tecny System Broker, S.L. envía o suplemento de renovación, para a tempada 2017, do Seguro de Responsabilidade Civil Póliza Número 30077044/01//AIG; Debido o incremento nas indemnizacions corporais motivado pola reforma do baremo de valoración dos danos e perxuízos causados as persoas, que entrou en vigor o 1 de setembro. Por elo conderase a proposta de AIG “excelente” o manter os mesmos prezos que no exercicio 2016.

TIPO DE PROBA	PRIMA TOTAL POR VEHICULO
RALLYES /RAIDS	304,56€
MONTAÑA	246,89€
VELOCIDADE CIRCUITO PERMANENTE	197,21€
VELOCIDADE CIRCUITO URBANO	382,40€
RALLYMIX, RALLYSPRINT, RALLYE FORMULA	170,39€
AUTOCROSS(PROBAS Y ADESTRAMENTOS)	50,64€
SLALOM EN TERRA	51,60€
TRACTORES	50,58€
CIRCUITO PERMANENTE KARTS	23,89€
ORIENTACION, SLALOM, VINTAGE E HABILILIDADE	50,65€
4X4 E TRIAL	50,65€
REGULARIDADE SPORT (MONTAÑA E RALLYES)	49,16€
CONCENTRACIONES NON COMPETITIVAS	22,38€
SHAKEDOWN	22,57€

Artigo 7.- SEGUROS.

7.1.- O Regulamento Particular deberá indicar con precisión tódalas disposicións referentes ós seguros, os suscritos polos organizadores, e os previstos para garantir ós Concursantes (descripción dos riscos e das cantidades cubertas).

7.2.- O Organizador, xunto coa súa solicitude de aprobación dos Regulamentos Particulares da proba deberá acompañar unha solicitude de póliza de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria de automóviles. Dita póliza deberá conter con carácter mínimo as garantías e condicións particulares establecidas na Lei de Circulación, publicada no B.O.E.

7.3.- Seralle denegada a saída ós vehículos que non estean en perfectas condicións, que non presenten o certificado da I.T.V. debidamente actualizado, e o Seguro Obrigatorio de Accidentes do vehículo en vigor nas modalidades de Rallyes, Montaña, e Slalom; coas excepcións dos vehículos específicos de competición para as modalidades de Rallymix, Montaña, e Autocross.

7.4.- O vehículo “0” (Director de proba na estrada), vehículo “00” (Vehículo Escoba), e vehículo “000” (Xefe de Seguridade); nas modalidades de rallyes, rallymix e montaña, terán que asegurarse, como se foran vehículos participantes, e incluílos nas listas de inscritos dos pilotos, e publicalos oficialmente.

7.5.- Tódalas entidades, ó día seguinte ó do peche das inscricións, deberá abona-la totalidade do importe dos vehículos inscritos ós efectos da obtención dos correspondentes certificados de seguro, mediante ingreso directo na Conta Corrente número ES50 0075 0276 9806 0011 2929, do Banco Popular, a nome de TECNI SYSTEM BROKER Correduría de Seguros, S.L. & Pool Broker Consulting, remitindo vía FAX, ó Broker (902 875 220), e á Federación Galega de Automobilismo (988 271 461) a lista de inscritos, e a copia do resguardo-abono do ingreso.

7.6.- Entenderase sen efecto, o permiso de organización expedido pola Federación Galega de Automobilismo, a tódalas organizacións que non abonasen a póliza de seguro da proba na forma indicada no apartado anterior. A tales efectos quedará sen validez o “permiso de organización” ante a carencia de seguro da proba”.

7.7.- Terase que presentar na Subdelegación do Goberno de España, e na Delegación de Interior de Galicia as copias dos Regulamentos Particulares das probas que sexan solicitadas, debidamente aprobados na secretaría da Federación Galega de Automobilismo, así como copia do certificado do seguro (compulsado), e copia do abono do mesmo; así como modelo de abono de taxas, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.